

O cangrexo real.

Nas costas areosas dos nosos mares, agochado entre os graos de area, uns ollos obsérvannos. Desde os 3 e ata os 700 metros de profundidade, atopamos o comúnmente chamado Cangrexo real, de nome científico *Calappa granulata*.

Os seus ollos abombados e sempre atentos, atópanse sobre uns pedúnculos oculares cortos e grosos, con pequenas órbitas circulares. As anténulas están dispostas oblicuamente. Son órganos táctiles e tamén quimiorreceptores. Axitando as anténulas como abanos de xeito intermitente, estes órganos receptores permítenlle recoñecer o que está a pasar no seu entorno, e así, evitar posibles perigos.

A súa cuncha, de cor amarela – rosada, presenta un característico moteado encarnado, máis ou menos regular, que o fai inconfundible.

Unha vez fóra de perigo, sae do seu escondedoiro na busca de alimento. O cangrexo real é un decápodo, é dicir que posúe cinco pares de patas; o primeiro deles está tan modificado que apenas deixa ver cal é a súa verdadeira natureza. Estas enormes pinzas son ese primeiro par de patas.

Nos seus desprazamentos, móvese andando de lado. Ao menor sinal de perigo, recolle patas e tanazas, e queda como se estivese avergoñado, cun aspecto semellante ao dun baúl.

A cuncha é moi convexa e lixeiramente granulada. Nos individuos adultos chega a acadar os 7 centímetros de lonxitude e os 10 de anchura.

As pinzas, fornidas e áxiles, están provistas no seu extremo dorsal dunha especie de cresta con 4 dentes e varios gránulos. Ademais, na base do dedo máobil da pinza dereita, ten dous lóbulos romos moi característicos.

Cando o animal se atopa en repouso ou sinte algún perigo, cobre a boca con ese primeiro par de patas... Esta vez tense atopado cunha grande ameaza, unha rede de trasmallo calada. En determinadas ocasións, algúns individuos son capturados polas artes de pesca tradicionais. Malia non ser o obxectivo principal da actividade pesqueira, os mariñeiros véndenos nos mercados como marisco.

Os pescadores comezan a recuperar a súa rede coa esperanza de que as capturas sexan abondosas. Nesta ocasión o cangrexo sae vencedor; a pesares da súa aparente torpeza, foi hábil abondo como para escapar desa trampa, decote mortal.

Ao lonxe, divisa unha posible presa. O cangrexo real é carnívoro, e ten unha especial preferencia polos pequenos moluscos, que captura nas grandes extensións de area.

Houbo sorte; agárdalle unha grande enchenta. O cangrexo colle coidadosamente a ameixa, e, grazas ás súas modificacións e á forza das súas pinzas, consegue romper a cuncha con moito coidado e gozar do manxar.

Aínda que o tamaño das pinzas podería facer pensar que é torpe, goza dunha grande destreza.

O aparato bucal do cangrexo, como o da maioría dos crustáceos, está formado por tres pares de apéndices, que se solapan uns a outros.

Manipula a comida coas pinzas e recolle o alimento co primeiro par de apéndices, chamados quelípedos; estes a pasan ao maxilípedo e de aquí ás mandíbulas, coas que tritura o alimento ata quedar listo para ser dixerido.

Polo momento xa é abondo; unha vez saciado, o cangrexo real busca un lugar seguro. Despois de se asegurar que non haxa nengún depredador preto, sotérrase, pero sen deixar de vixiar o horizonte para non perder detalle do que lle depare o novo día.